

## **Resolución do 1 de marzo de 2022 da Axencia Turismo de Galicia pola que se selecciona a entidade financeira colaboradora para a xestión da tarxeta Bono Turístico QuedamosenGalicia22.**

### **FEITOS**

1. Mediante Resolución do 21 de febreiro de 2022, a Axencia de Turismo de Galicia convocou un procedemento de concorrencia para a selección da entidade financeira colaboradora para a xestión da axuda económica que se fará efectiva a través da tarxeta "Bono Turístico" e a entrega a través dela de fondos ás persoas beneficiarias da axuda, de acordo coas instrucións que proporcione a Axencia Turismo de Galicia de conformidade coas resolucións de concesión das mesmas.

No dito procedemento podían participar as entidades de carácter financeiro con personalidade xurídica e plena capacidade de obrar e cumplan os seguintes requisitos:

- Ter oficinas comerciais abertas, cando menos, nos concellos de máis de 20.000 habitantes das catro provincias galegas
- Ter colaborado na xestión financeira da Xunta de Galicia nos últimos dous anos.

2. O anuncio deste procedemento publicouse na páxina web da Axencia Turismo de Galicia o 21 de febreiro de 2022.

3. Segundo a dita Resolución, o prazo de presentación de solicitudes era de 5 días naturais, polo que comezou o 22 de febreiro de 2022 e finalizou o 26 de febreiro de 2022.

4. Presentouse unha única solicitude de participación dentro do prazo establecido, por parte de Abanca Corporación Bancaria, S.A.

5. Unha vez instruído o oportuno procedemento e examinada a documentación presentada pola dita entidade, comprobouse que a entidade Abanca Corporación Bancaria, S.A. cumpre cos requisitos establecidos na convocatoria.

### **CONSIDERACIONES LEGAIS E TÉCNICAS**

1. É competente para ditar a presente resolución a directora de Turismo de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 19.4 dos estatutos da Axencia Turismo de Galicia aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos.

2. O artigo 13.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia dispón que cando as entidades colaboradoras sexan persoas suxeitas a dereito privado,





seleccionaranse previamente mediante un procedemento sometido aos principios de publicidade, concorrência, igualdade e non discriminación e a colaboración formalizarase mediante convenio, salvo que polo obxecto da colaboración resulte de aplicación plena a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

De tal xeito, unha vez asinada a resolución, subscribírase o oportuno convenio de colaboración entre Abanca e a Axencia de Turismo de Galicia co fin de instrumentar a colaboración.

En base ao anterior,

#### **RESOLVO:**

1. Seleccionar como entidade colaboradora para a xestión da tarxeta Bono Turístico QuedamosenGalicia22 á entidade Abanca Corporación Bancaria, S.A.
2. A formalización desta colaboración se efectuará mediante a sinatura do correspondente convenio de colaboración.
3. Ordenar a publicación desta Resolución na páxina web da Axencia Turismo de Galicia <https://www.turismo.gal>

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Non obstante, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, data da sinatura dixital

A directora da Axencia Turismo de Galicia

M<sup>a</sup> Nava Castro Domínguez

